

RESEÑA


CHANGES IN MEANING AND FUNCTION. STUDIES IN HISTORICAL LINGUISTICS WITH A FOCUS IN SPANISH.

Jorge Fernández Jaén e Herminia Provencio Garrigós, 332 págs.
ISBN 9789027205360

NOELIA AMADO CORBACHO
Universidade de Vigo

O libro *Changes in Meaning and Function. Studies in historical linguistics with a focus on Spanish*, editado por Jorge Fernández Jaén e Herminia Provencio Garrigós, é un traballo colaborativo de doce autoras e autores que achegan unha necesaria e importante visión aos estudos sobre semántica. Tratar de describir e comprender os cambios que teñen lugar ao noso arredor é unha preocupación histórica que tamén é compartida pola lingüística diacrónica. Se logramos describir e comprender os procesos de cambio que se producen na lingua ao longo do tempo, seremos quen de interpretar e entender mellor a sociedade na que vivimos.

“Nouns and labelling. The advance of nominalization in Spanish” de Javier Elvira, é o primeiro capítulo deste volume. O traballo de Elvira achéganos a importancia da linguaxe non só como ferramenta comunicativa, senón como “organizador” da realidade a través da etiquetaxe dos acontecementos e das cousas presentes na mesma. Esta tarefa de etiquetaxe é levada a cabo polos substantivos e é por iso que son elementos esenciais na linguaxe. O traballo de



Cómo citar este artículo: Amado Corbacho, N. (2023). Reseña a *Changes in Meaning and Function. Studies in historical linguistics with a focus in Spanish*. *Hesperia. Anuario de Filología Hispánica*, XXVI-1, 155-162

Recibido: 4/07/2022, Aceptado: 21/07/2022

© Noelia Amado Corbacho



Este traballo está suxeito a una licencia de Reconocimiento 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY 4.0)

Elvira comprende unha revisión histórica da nominalización, desde os textos do século XVI ata o século XXI. Este estudo pon de manifesto que a principal distinción entre substantivo e verbo é a función de nominalización do primeiro, o que produce algúns efectos cognitivos relevantes.

No segundo capítulo (“Causative and inchoative constructions with *poner* and *meter* (“to put”) in Spanish. A diachronic constructional approach”), Renata Enghels e Marie Corner levan a cabo unha revisión histórica da evolución do causativo e das construcións incoativas. Para tal fin, empregan os datos procedentes dos Corpus Diacrónico del Español (CORDE) e do Corpus of the 21st centuries (CORPES XXI), e observan o que acontece con estes verbos durante cinco séculos (séculos XIII, XV, XVII, XIX e XXI). Os resultados poñen de manifesto que –entre outras cousas–, as construcións de causativo orixínanse con anterioridade ás construcións incoativas. Aínda que non se confirma unha data de inicio no tempo, si que é importante poñer o foco neste descubrimento. O estudo destaca a importancia de estudar o proceso do cambio na construción das microconstrucións con *poner* e *meter*.

Continuamos co capítulo terceiro, “Auditory verbs in the Spanish language. A historical and cognitive approach”, de Jorge Fernández Jaén. Neste capítulo, o autor ofrece unha análise sobre os verbos auditivos máis destacados en español, desde unha aproximación funcional-cognitiva. No seu estudo pónense de manifesto as diferenzas semánticas e de uso entre os principais verbos auditivos, tales como *sentir* ou *escuchar*, e como as características antropolóxicas ou culturais determinan a utilización de un ou de outro verbo, así como a carga semántica dos mesmos. Sabemos que as prácticas comunicativas empregadas na sociedade interfieren directamente sobre as escollas lingüísticas dos suxeitos, e este describe de xeito empírico os procesos de escolla léxica e as diferenzas semánticas que se producen cando escollemos un verbo en determinado contexto ou outro. O autor conclúe o estudo verificando que o comportamento semántico destes verbos débese principalmente a dous motivos: a existencia de certas restricións derivadas das particularidades fisiolóxicas e anatómicas do oído humano, e por outra parte, as motivacións culturais.

Mar Garachana Camarero e Axel Hernández Díaz (“From semantics to grammar. Lexical substitution in the evolution of verbal periphrases *haber/tener* + infinitive”), fan unha gran aportación acerca dos cambios semánticos ao describir e analizar as perífrases españolas *tener de/que* + infinitivo. Para levar a cabo a súa investigación, es autores empregan o corpus Gradiá, que contén textos moi variados en español desde o século XII ata o XXI. Alén deste corpus, tamén foi empregado o CORDE ou o CDH, que serviron para achegar máis información acerca dos cambios semánticos. Como resultados, o estudo pon de manifesto a evolución diacrónica destas perífrases e os mecanismos que contribuíron ao seu funcionamento tal e como hoxe o coñecemos.

“A note on the relative diachronic productivity of metaphor and metonymy”, de Dirk Geeraerts e Lisbeth De Laet (capítulo quinto). Neste capítulo, es autores parten do modelo do desenvolvemento cognitivo de Vygotsky que elabora unha suposición pola que o progreso da cultura estaría caracterizado por un aumento do pensamento abstracto, o que nos fai supoñer que a proporción da metáfora en comparación coa metonimia, aumenta co paso do tempo. Es autores realizan unha investigación a grande escala con datos procedentes do diccionario Buck’s que demostra que esta suposición non se cumpre.

No capítulo sexto (“A cognitive approach to the grammaticalization of the epistemic marker *fijo*”), Ruth M. Lavale Ortiz presenta unha investigación sobre a utilización do marcador epistémico *fijo* en español. Os marcadores epistémicos son de gran importancia nos discursos, xa que aínda que non acheguen unha clara carga semántica como significantes, si que contribúen á pragmática ou á intención comunicativa de xeito notorio. Na súa investigación, Lavale estuda a evolución semántica de *fijo* desde o século XVII ata o XXI. Os resultados amosan non só o cambio no uso a través do tempo senón tamén as diferenzas semánticas presentes. A través do tempo, *fijo* foi adquirindo novos significados e usos, pasando de ser adxectivo a nome, adverbio en ocasións, conxunción, etc. Estes cambios e a súa utilización no momento actual, poñen de manifesto a súa importancia como elemento discursivo e abre novas vías de investigación para outros significantes que teñen comportamentos semellantes.

Ángel López García presenta no capítulo sétimo (“The future tense in Spanish. An enactive approach”) leva a cabo unha investigación que explica os fenómenos lingüísticos a partir das estruturas universais da mente humana desde o enfoque da enacción. Este enfoque cognitivo sitúase entre a lingüística formal e a funcional e a través do mesmo, o autor explica a evolución das cláusulas de futuro en español. Deste xeito ponse de manifesto a importancia das redes de neuronas neste proceso. Así, a investigación demostra que o sistema de tempos verbais futuros do español está profundamente afectado pola ausencia do futuro latino *amabo* e debido a isto, mantén un peche operativo na mente dos hispanofalantes.

“Form and meaning in the development of verbal polysemy”, (capítulo oitavo) de Chantal Melis pon o foco na forma e no significado como cuestións clave para explicar o cambio semántico a través do tempo. Desde unha perspectiva funcional, a autora expón que os cambios no significado marcan o camiño e os cambios na forma seguen aos primeiros como consecuencia dos mesmos. A autora expón que rara vez existe un cambio formal que é responsable da emerxencia dun significado, senón que son os significados os que marcan os cambios nos significantes. Este enfoque descritivo dos cambios semánticos volve poñer o foco na importancia dos usos e dos cambios sociais e culturais na construción da lingua.

No capítulo nove (“Something seems to have changed. Diachronic evidence for the semantic shift”), Dorien Nieuwenhuijsen fálanos acerca da gramaticalización dos verbos e da súa función como auxiliares. En concreto analiza a perífrase española *parecer + infinitivo* desde o enfoque pragmático de Taugott (1989). A investigación evidencia como co paso do tempo esta perífrase pasou dun significado concreto a un máis abstracto. Neste caso, segundo o autor, unha vez analizada a evolución diacrónica desta perífrase, non estaríamos ante un caso de evolución semántica que implica perda de significado, senón que se trata dunha xeneralización que contribúe a que esta perífrase poda ser empregada coas seis persoas gramaticais.

Lola Pons Rodríguez expón no capítulo dez (“*In substance, they came from above. On the acquisition of discourse particles in Medieval Spanish*”) un estudo

das partículas do discurso do español histórico. Máis concretamente, a autora explica a evolución da partícula discursiva *en sustancia* e aclara como moitos dos cambios experimentados pola lingua española foron tomados directamente do latín. Deste xeito tomábase a gramática (os textos) latina como prescriptivista nas diferentes épocas históricas. Esta particularidade de tomar expresións do latín tardío, coincide tamén coa tendencia existente na lingua portuguesa. A investigación pon de manifesto a necesidade de ter en conta as circunstancias nas que se desenvolve a actividade da fala, non só nun momento histórico concreto, senón tamén recoñecer a importancia da procedencia das nosas expresións.

O capítulo once (“Grammaticalization of *en vías de*. A multidimensional linguistic change”) está escrito por Herminia Provencio Garrigóthe. Nesta ocasión, a autora busca describir o proceso de gramaticalización dunha locución preposicional moi coñecida en español: *en vías de*. Para este fin, a través do traballo con corpus diacrónicos e sincrónicos (CORDE, CDH, CORDIAM, CEMC, CREA, CEWD, CORPES, ou BHP) pon o foco na existencia de factores semánticos, pragmáticos, morfolóxicos e sintácticos que interfieren no desenvolvemento diacrónico de *en vías de*. Esta investigación serve para describir o proceso de gramaticalización experimentado por la expresión *en vías de* e o cambio semántico padecido pola mesma. A autora destaca algúns factores fundamentais deste cambio semántico tales como: a persistencia semántica e prototípica de *vía*, que vai adquirindo matices con novos significados e novos valores semánticos, cada vez máis abstractos, mais sen perder nunca o sentido prototípico, que é o que determina os esquemas de utilización. O –cada vez maior– grao de abstracción pode expresar calidades diversas dos termos relacionados. Como consecuencia do uso, *en vías de* sofre un proceso de conceptualización que a persoa falante fai de xeito subxectivo. Para concluír, a autora defende que o cambio acontecido coa expresión en cuestión, non pode desligarse dos conceptos de *progreso* e *desenvolvemento*.

Como remate, o capítulo doce “On the importance of a diachronic approach to phraseology”, da autora Elena Sánchez López, pon énfase na importancia dunha teoría da fraseoloxía que explique e dea contado complexo proceso fraseolóxico. A autora céntrase na análise diacrónica de “con pelos y señales” para describir (desde unha perspectiva diacrónica), a evolución fraseolóxica

desta construción. Esta investigación destaca que a fraseoloxía segue os patróns regulares da lingua e do cambio semántico, polo que as unidades fraseolóxicas deben ser tomadas como elementos lingüísticos canónicos. Outro dos puntos clave do traballo levado a cabo por Sánchez é a necesidade de elaborar unha proposta que poida definir perfectamente o alcance desta subdisciplina para poder tratar a fraseoloxía dun xeito innovador, prestando atención ás expresións de varias palabras, especialmente ás que posúen un valor referencial, xa que achegan significados moi valiosos á lingua e son esenciais para o coñecemento e uso da mesma.

A semántica é unha das ramas da lingüística que alberga máis complexidade. Ullman (1973) pon de manifesto na súa obra a dificultade no tratamento do cambio semántico e a inxente cantidade de implicacións que o mesmo ten para o ser humano. A importancia deste volume radica na necesidade da descrición do cambio semántico, como disciplina e como obxecto de estudo, e xa non só desde unha perspectiva puramente descritiva que dea conta unicamente dos cambios lingüísticos, senón tamén desde unha perspectiva crítica que poña de manifesto a necesidade de achegar análises críticas acerca dos cambios semánticos; por que se producen, que implican ou como interfieren na sociedade.

Como xa se observou ao longo do volume, existen expresións fraseolóxicas ou construcións empregadas na vida cotiá que posúen un significado moi diferente agora que hai un século. Isto responde a que a lingua atópase en constante cambio, precisamente pola súa natureza social, vencellada aos procesos evolutivos, políticos e sociais do ser humano. Observado desde unha perspectiva histórica, o cambio semántico produce ás veces certa “contradición” althusseriana, pero todos e cada un dos cambios producidos na lingua responden ou están condicionados por unha causa histórica ou social.

Aínda que os exemplos presentes no libro parecen non ter moita implicación directa nos suxeitos, si que son referentes para a análise doutras palabras clave e construcións clave que interfiran e contribúan directamente no sentido común (Gramsci) e na hexemonía dominante. O recollido neste volume, así como outros estudos previos, deben servir para facernos reflexionar acerca da poderosa ferramenta que é a lingua, os cambios sociais que se poden producir

grazas a ela e a necesidade dun estudo semántico descritivo crítico que non prescriba os usos, senón que os describa entendidos como feitos sociais e propicie a emancipación dos suxeitos e a igualdade a partir da lingua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Traugott, E. C. (1989). "On the rise of epistemic meaning in English: an example of subjectification in semantic change". *Language* 65 (1): 35-55.

Ullmann, S. (1973). *Lenguaje y estilo*. Aguilar.

